

INSTRUCCIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS QUE NON ESTÁN SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA

No presente documento contéñense as instrucións de obrigado cumprimento que debe seguir a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol para a adxudicación de contratos non suxeitos á regulación harmonizada, de conformidade co disposto no artigo 175.b da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

A adxudicación destes contratos por parte da Cámara estará sometida, en todo caso, aos principios de **publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación**, en termos semellantes aos establecidos na mencionada lei para os contratos que celebren as Administracións Públicas.

Estas instrucións publicaranse na páxina web e taboleiro de anuncios da Cámara e deberán pórse a disposición de todos os interesados en participar nos procedementos de adxudicación dos contratos regulados por elas.

PROCEDEMENTOS E FORMAS DE ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS NON SUXEITOS Á REGULACIÓN HARMONIZADA.

Como regra xeral, os contratos que celebre a Cámara e que estean suxeitos á lei de contratos do sector público, adxudicaranse a través dos seguintes procedementos:

a) **PROCEDEMENTO ABERTO:**

- **Concepto:** Aqueles en os que o interesado poderá presentar unha proposta, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.
- **Contía:** Cando se trate de contratos de obras cuxo valor estimado, sexa igual ou superior a 200.001 €, ou cando se trate de contratos de subministracións ou servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 50.001 €.
- **Instrucións :**
 - As condicións técnicas e administrativas de contratación deben publicarse na páxina web e no taboleiro de anuncios da Cámara.
 - O período mínimo para a recepción de ofertas será de 15 días, contados a partir da data da publicación nos medios mencionados no punto anterior.

- As condicións técnicas incluírán os criterios de valoración das ofertas.
- No caso de que algunha das propostas que se reciban nestes procedementos resulten incompletas en canto á documentación achegada, deberá proporcionárselle 5 días para completala, prazo que se contará a partir da data da comunicación por parte da Cámara. Tal comunicación poderá efectuarse mediante correo electrónico asinado dixitalmente.
- Os resultados da adxudicación serán publicados nun apartado, especificamente destinado ao efecto, dentro da páxina web da Cámara, facendo mención ás ofertas recibidas, a cales delas cumpriron os requisitos solicitados para a contratación e especificando cal das ofertas resultou adxudicataria do contrato.
- O órgano de adxudicación será sempre o Comité Executivo da Cámara, que aprobará un informe técnico de adxudicación no que se resumirá a valoración das ofertas presentadas de acordo co baremo que se estableza.
- Toda a documentación relevante —condicións técnicas, condicións administrativas, ofertas recibidas, informe técnico de adxudicación e publicación de resultados— será arquivada polo departamento de Administración da Cámara para que sirva de documentación acreditativa.

b) **PROCEDEMENTO NEGOCIADO:**

- **Concepto:** No procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou con varios deles.
- **Contía:**
 - o Negociado sen publicidade: Cando se trate de contratos de obras cuxo valor estimado oscile entre 50.000 e 200.000 € e de subministracións e servizos cando o valor estimado oscile entre 18.000 e 50.000 €.
 - o Negociado con publicidade: Sempre que o valor estimado do contrato sexa superior a 200.000 € tratándose dun contrato de obras e a 60.000 e nos demais contratos.
- **Instrucións:**

Como norma xeral no procedemento negociado será necesario solicitar polo menos tres ofertas a outras tantas empresas solventes para a realización do obxecto do contrato, sempre que

iso sexa posible, sobre a base do prego de condicións das cláusulas administrativas particulares elaborado polo Comité Executivo, como órgano de contratación, e que constará no anuncio de licitación.

No expediente de adxudicación deberá deixarse constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns ou motivos para a súa aceptación ou o seu rexeitamento.

Ademais e calquera que sexa o seu valor estimado, poderanse tramitar polo procedemento negociado os contratos non suxeitos a unha regulación harmonizada, cando concorran as seguintes causas:

- a) Cando se seguiu previamente un procedemento aberto ou restrinxido e non se presentou ningunha oferta ou cando as propostas ou ofertas económicas presentadas sexan todas elas inadmitidas por resultar irregulares ou inaceptables consonte aos pregos. Nestes casos non poderán modificarse substancialmente as condicións do contrato para adxudicalo polo procedemento negociado.
- b) En casos excepcionais, cando sexa imposible determinar previamente o prezo global do contrato, en virtude das súas características.
- c) Cando por razóns técnicas ou artísticas, ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva, o contrato só poida encomendarse a unha persoa ou empresario determinado.
- d) Cando unha imperiosa urxencia, resultante de acontecementos imprevisibles para a Cámara e non imputables a ela, demande unha pronta execución do contrato que non poida lograrse mediante a aplicación da tramitación de urxencia.
- e) Cando se trata de contratos de obras que se realicen unicamente con fins de investigación, experimentación ou perfeccionamento.
- f) Cando se trate de contratar obras complementarias que non figuren no proxecto nin o contrato xa adxudicado pero que, debido a unha circunstancia imprevista, sexan necesarias para executar a obra tal como estaba prevista no proxecto inicial sen modificala, sempre que a obra complementaria se adxudique ao contratista da principal de acordo cos prezos que rexan para o contrato primitivo ou que, no seu caso, se fixen contraditoriamente, e sempre que esas obras complementarias non poidan separarse técnica ou economicamente do contrato primitivo sen causar graves

inconvenientes e o seu importe non supere o 50 por 100 do prezo do contrato primitivo.

- g) Cando se trate de contratar obras que sexan repetición doutras similares adxudicadas, nos tres anos anteriores, por un procedemento aberto ou restrinxido e se adxudiquen ao mesmo contratista, sempre que o proxecto base das obras sexa o mesmo que o do contrato primitivo e que esa posibilidade se indicase ao anunciar a licitación deste.
- h) Cando se trate da adquisición de bens mobles integrantes do Patrimonio Histórico Español que se destinen a museos, arquivos ou bibliotecas.
- i) Cando se trate da adquisición de bens que se fabriquen exclusivamente para fins de investigación, experimentación, estudo ou desenvolvemento.

Nos supostos previstos nas letras a), e), i), e sempre que o valor estimado do contrato sexa superior a 200.000 euros no caso dun contrato de obras ou a 60.000 euros nos demais contratos, aplicarase o procedemento negociado con publicidade. Nos demais casos poderase seguir o procedemento negociado sen publicidade.

c) **PROCEDIMENTO RESTRINXIDO**

- **Concepto:** Con carácter excepcional, o Comité Executivo da Cámara pode acordar a adxudicación do contrato polo procedemento restrinxido cando a execución da prestación requira especiais condicións de solvencia, ou ben cando sexa previsible a presentación dun número moi elevado de solicitudes de participación no procedemento que puidese dificultar ou demorar extraordinariamente o exame das ofertas e a tramitación do procedemento.

O acordo do Comité Executivo adoptarase antes da elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares, nos que se precisará o número mínimo de empresarios aos que se invitará a participar, que non poderá ser inferior a cinco, e, no seu caso, o número máximo de candidatos aos que se invitará a presentar unha oferta. Así mesmo, o Comité Executivo da Cámara establecerá no devandito acordo os criterios obxectivos de solvencia, non discriminatorios, que se terán en conta para seleccionar aos candidatos e que se incluírán nos pregos.

- **Instrucións:** A convocatoria e publicidade da licitación levarase a efecto na páxina web e no taboleiro de anuncios da entidade.

Unha vez publicada a convocatoria invitarase a un número de empresas non inferior a cinco.

Á vista do perfil empresarial dos solicitantes, o Comité Executivo da Cámara seleccionará aos que resulten invitados a presentar unha oferta.

d) **PROCEDIMIENTO DIRECTO:**

- **Concepto:** Estes contratos poderanse adxudicar a calquera empresario que teña capacidade de obrar e conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación. Faise preciso contar, polo menos, con tres ofertas, se iso fose posible.

- **Contía:** Inferior a 50.000 € para obras ou a 18.000 € nos demais contratos.

- **Instrucións:** O expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei de contratos do sector público establezan.

Cando se trate dun contrato menor de obra deberá engadirse o orzamento de execución sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto se fose requirido.

Sen prexuízo de todo o establecido anteriormente, e de acordo co establecido pola normativa xeral de subvencións e os criterios dos organismos de control dos fondos europeos, sempre que se trate de contratos con subvencións con fondos procedentes de calquera administración pública, e independentemente do seu valor estimado, realizarase publicidade da contratación no perfil do contratante da Cámara.

Disposición transitoria.

Os expedientes de contratación iniciados antes da aprobación das instrucións de obrigado cumprimento a que se refire o presente documento non se rexerán por elas, se xa se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato.